



BOP

MARTES, 10 DE FEBREIRO DE 2026

N.º 033

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS

BEGONTE

Anuncio

Por resolución de Alcaldía, aprobouse o padrón fiscal correspondente ao mes de xaneiro de 2026 da Escola Infantil Municipal por un importe de 435,82 €

Por medio do presente expónse ó público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio no BOP, para que podan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento do presente anuncio, que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no Regulamento Xeral de Recadación e na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Begonte, 2 de xaneiro de 2026.- O alcalde, D. José Ulla Rocha.

R. 0277

BÓVEDA

Anuncio

Por resolución de Alcaldía núm. 2026-0061, de data 4 de febreiro do 2026, foron aprobadas as bases e a convocatoria para a constitución dunha bolsa de traballo para a cobertura do persoal de atención do PAI do Concello de Bóveda (Lugo) en réxime de persoal laboral temporal coa finalidade de substitución de postos de traballo

Achéganse as bases reguladoras que rexerán a convocatoria:

“BASES XERAIS DA CONVOCATORIA PARA CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE SUBSTITUCIÓN DO PERSOAL DE ATENCIÓN DO PAI NO CONCELLO DE BÓVEDA

PRIMEIRA. Obxecto da Convocatoria

É obxecto das presentes bases a constitución dunha bolsa de traballo para a cobertura do persoal de atención do PAI do Concello de Bóveda (Lugo) en réxime de persoal laboral temporal: eventual por circunstancias da produción e/ou de interinidade por substitución de traballadores con dereito a reserva do posto de traballo, ao abeiro do artigo 15 do Texto refundido do estatuto dos traballadores coa finalidade de substitución de postos de traballo da categoría convocada pola concorrencia dalgunha das seguintes causas:

- *Baixas por incapacidade temporal.*
- *Xubilación parcial ou anticipada polo período que medie entre a xubilación e a cobertura da dita praza polos procedementos de provisión de postos de traballo previstos legalmente.*
- *Acumulación de tarefas de carácter puntual do servizo do Punto de Atención á Infancia.*
- *Calquera outra que esixa a inmediatez na contratación.*

Dito persoal cesará automaticamente cando desaparezan as circunstancias que motivaron o seu nomeamento determinadas no parágrafo anterior.

SEGUNDA. Funcións ou traballos a realizar

O cometido funcional da praza de traballo consistirá na realización das funcións propias do posto, conforme á titulación esixida, baixo a dirección e supervisión correspondente, así como outras, que dentro da súa competencia, poidan ser encomendadas polos órganos competentes da Entidade.

- Atención, coidado e vixilancia dos nenos e nenas usuarios/as do Punto de Atención á Infancia do Concello de Bóveda (Lugo).

- Limpeza, aseo e orde do centro cando sexa preciso.

TERCEIRA. Tipo e duración do contrato

Os contratos a subscribir son baixo a modalidade de contrato de traballo temporal, a tempo completo, de luns a venres e dependendo de cada caso, poderán ser:

a) Por substitución da persoa traballadora (código de contrato 410)

b) Por circunstancias da produción (código de contrato 402)

CUARTA. Condicións de Admisión de Aspirantes

De conformidade co artigo 56 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro e 50 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, para poder participar nos procesos selectivos será necesario:

a) Ter a nacionalidade española sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro.

b) O cónxuxe dos/as españois/as e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, calquera que sexa a súa nacionalidade sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os descendentes menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade que sexan dependentes

c) As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

d) As persoas estranxeiras que, non estando incluídas nos parágrafos anteriores, se atopen con residencia legal en España.

e) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. So por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.

f) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional de outro Estado membro da Comunidade Europea, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

g) Non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determinen a lexislación vixente.

h) Non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico incompatible co normal desenvolvemento das súas funcións.

i) Posuír a titulación de Pedagogía, Psicopedagogía, Mestre de Educación Infantil ou Técnico superior en Educación Infantil ou equivalentes, conforme establece o Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.

j) Carné de manipulador de alimentos en vigor.

k) Título acreditativo de ter coñecementos básicos de primeiros auxilios.

l) Ter o certificado de Celga 4 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia, ou obter a cualificación de apto na proba de galego que forma parte deste proceso de selección.

b) Certificado de antecedentes penais por delitos de natureza sexual.

Os anteriores requisitos, así como os específicos que se esixan, se é o caso, deberán reunirse con referencia ao último día do prazo de presentación de solicitudes, e gozar deles ata a formalización do contrato laboral, sendo nulo o nomeamento dos aspirantes que estean incurso en causas de incapacidade segundo a normativa vixente.

QUINTA. Forma e Prazo de Presentación de Solicitudes

As solicitudes para participar no proceso selectivo axustaranse ao modelo que figura como Anexo II, irán dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Bóveda (Lugo) e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, en horario de atención ao público de 09:00 a 14:00 horas, durante o prazo de **dez (10) días hábiles**, contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

Poderán tamén presentarse no Rexistro Electrónico Xeral do Concello de Bóveda (<https://concellodeboveda.sedelectronica.es>) ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Se conforme a este precepto se presenta a instancia a través das oficinas de Correos, deberá aparecer o selo na propia solicitude. Doutro modo, a data de anotación no Rexistro Xeral será a que se teña en conta a tódolos efectos.

Co obxecto de coñecer a presentación das instancias noutros rexistros ou a través das oficinas de Correos, as persoas solicitantes deberán comunicalo ao Concello achegando unha copia da solicitude (Anexo II) por correo electrónico intervencion@concellodeboveda.com o mesmo día da dita presentación noutros rexistros. Sen o cumprimento deste requisito, a instancia entenderase inadmitida a todos os efectos.

As persoas aspirantes farán constar na instancia (Anexo II) que reúnen tódolos requisitos sinalados na base 4ª, e achegarán a seguinte documentación:

- Copia autenticada do DNI ou documento equivalente.
- Copia autenticada da titulación requirida na cláusula cuarta das presentes bases.
- Copia autenticada da acreditación do coñecemento da lingua galega, Celga 4 ou equivalente, de ser o caso. No seu defecto, realizarase unha proba escrita que consistirá na tradución dun texto do castelán ao galego na que o aspirante amose o seu coñecemento da lingua galega.
- Copia autenticada da documentación xustificativa dos méritos alegados, vida laboral e certificados de servizos prestados nas Administracións Públicas.
- Certificado médico de non padecer enfermidades infecto-contaxiosa, nin estar afectado por limitación física ou psíquica, que sexa incompatible co desempeño das funcións correspondentes.
- Carné de manipulador de alimentos.
- Título acreditado de primeiros auxilios.
- Declaración xurada ou promesa de non ser separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de funcións públicas por resolución xudicial para o acceso á escala, subescala, clase e categoría de funcionario/a en o que fose separado/a ou inhabilitado/a. Os/as nacionais doutros Estados deberán acreditar igualmente non acharse inhabilitados/as ou en situación equivalente nin ser sometidos/as a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso á función pública.
- Certificado de antecedentes penais por delitos de natureza sexual.

Deberase acompañar á solicitude as xustificacións documentais dos méritos que se desexen alegar en relación co posto que se convoca, mediante copia autenticada da/s titulación/s aportadas. Os méritos aos que se fai referencia deberán posuírse na data de remate do prazo de presentación de instancias, computándose en calquera caso ata a citada data. A non acreditación dos méritos alegados conforme se sinala nesta base determinará que estes non serán tidos en conta polo tribunal.

As persoas aspirantes con discapacidade deberán facelo constar na solicitude, co fin de facer as adaptacións de tempo e medios necesarios, para garantir a igualdade de oportunidades co resto dos/as aspirantes.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que as persoas interesadas aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

SEXTA. Publicidade

A publicación da convocatoria realizarase mediante a inserción dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Así mesmo, as bases completas publicaranse, igualmente, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na sede electrónica deste Concello (<https://concellodeboveda.sedelectronica.es>) (apartado taboleiro de anuncios), así como no taboleiro de anuncios físico do Concello.

SÉTIMA. Admisión de Aspirantes

*Expirado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución no prazo máximo dun mes, declarando aprobada a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as. Na devandita resolución, que se publicará na sede electrónica e no taboleiro de edictos do Concello, sinalarase un prazo de **dous (2) días hábiles** para emenda.*

Transcorrido o prazo de emenda de solicitudes, aprobarase a lista de aspirantes con carácter definitivo, publicándose o anuncio na sede electrónica e no taboleiro de edictos do Concello; no mesmo anuncio farase constar o día, hora e lugar en que se realizarán as probas. Igualmente na mesma resolución, farase constar a designación nominal do Tribunal.

OITAVA. Tribunal Calificador

Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home.

O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ningún.

O Tribunal Cualificador estará constituído por:

1 Presidente

1 Secretario

3 Vogais

O membros do devandito tribunal serán designados polo Alcalde – Presidente deste Concello, atendendo a anteriores criterios establecidos.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade co artigo 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público.

Seguindo o disposto no artigo 59.4 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, os membros dos órganos de selección deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

Os órganos de selección actúan con plena autonomía no exercicio do seu discrecionalidade técnica e os seus membros son persoalmente responsables da transparencia e obxectividade do procedemento, da confidencialidade das probas e do estrito cumprimento das bases da convocatoria e dos prazos establecidos para o desenvolvemento do proceso selectivo.

NOVENA. Sistemas de Selección e Desenvolvemento dos Procesos**PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN: CONCURSO – OPOSICIÓN (100 puntos).**

Os/as aspirantes serán convocados/as para a realización das probas nun único chamamento, quedando excluídos/as do proceso as persoas que non comparezan, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo Tribunal.

As persoas aspirantes deberán vir provistos do DNI, ou documento equivalente.

O sistema de selección constará de dúas fases:

FASE DE CONCURSO: de carácter non obrigatorio e non eliminatorio.

Con carácter previo á fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso entre os/as aspirantes admitidos/as que presentaron a instancia para participar no proceso de selección. A puntuación total dos méritos non poderá exceder de 30 puntos.

Os interesados responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

No caso de que o órgano de selección comprobe que algún/ha dos/as aspirantes realizou calquera tipo de actuación fraudulenta ou incorrido en falsidade manifesta na súa solicitude, que xere competencia desleal de acordo con os principios de igualdade, mérito e capacidade, previa audiencia ao/á interesado/a, deberá emitir proposta motivada de exclusión do proceso selectivo, dirixida ao órgano que aprobase a relación definitiva de aspirantes admitidos/as, comunicando as falsidades ou actuacións fraudulentas méritos presentados.

Contra a Resolución do devandito órgano poderán interpoñerse os recursos administrativos que procedan.

Cando o idioma orixinal das certificacións, acreditacións ou calquera outra documentación constitutiva de mérito sexa distinto ao castelán ou ao galego, a persoa interesada deberá presentar, xunto ao documento, tradución literal do contido destas realizada por persoa acreditada como tradutora xurada.

1. Experiencia profesional (máximo 20 puntos).

- Por experiencia profesional como persoal de atención no do Punto de Atención á Infancia da Administración Local: **0,15 puntos** por mes completo ao servizo.
- Por experiencia profesional de servizos prestados como persoal de atención á infancia en outra Administración pública: **0,10 puntos** por mes completo de servizo.
- Por experiencia profesional de servizos prestados como persoal de atención á infancia na empresa privada: **0,05 puntos** por mes completo de servizo.

Deberase acreditar que corresponde ás funcións ás que se aspira, e xustificarse obrigatoriamente co informe da vida laboral actualizado, expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

- Os servizos prestados nas Administracións Públicas e organismos dependentes de estas, acreditaranse mediante certificación de servizos prestados expedida polo organismo oficial correspondente na que se especifique a praza/posto ou emprego desempeñado, o tempo de prestación do servizo. En ausencia da devandita certificación poderá acreditarse mediante contratos, tomas de posesión ou/e nóminas.
- Os servizos prestados para a Administración Pública como autónomos, acreditaranse mediante as correspondentes copias compulsadas dos contratos de servizos. Así mesmo, será necesario acompañar aos citados contratos de servizos a certificación da actividade que se desenvolveu polas persoas aspirantes, o tempo de duración e a fotocopia compulsada do documento de alta no censo de actividades económicas.
- Os servizos prestados en Entidades privadas acreditaranse mediante contrato de traballo rexistrado no SEPE (Servizo Público de Emprego Estatal) ou nóminas nos que se acredite o emprego desempeñado.
- Se os servizos se prestaron neste Concello farase constar na solicitude co obxecto de emitir certificación acreditativa dos servizos prestados. A dita certificación será xuntada pola Entidade á solicitude da persoa aspirante.

2. Formación complementaria (máximo 10 puntos).

Valoraranse os cursos de formación que versen sobre materias que garden relación co posto de traballo ao que se aspira e/ou coa Administración Pública en xeral, sempre e cando a súa temática corresponda co temario incluído no Anexo I das presentes bases e os considerados transversais polo seu interese para todos os postos como os de coñecemento da lingua galega, os relacionados coa prevención, cos dereitos e deberes dos empregados públicos, coa igualdade, a protección de datos, a atención ao cidadán, a protección do medio ambiente desde o ámbito laboral e os de contido ofimática, entre outros. É requisito para ser valorados que os cursos foran impartidos por unha Administración Pública ou entidade dela dependente ou homologados por estas, un centro oficial de formación ou unha institución homologada para impartir formación profesional continua, valorándose do seguinte xeito:

- | | |
|---|--------------|
| - Por cada curso con duración igual ou superior a 10 horas e inferior a 20 horas: | 0,10 puntos. |
| - Por cada curso con duración igual ou superior a 20 horas e inferior a 50 horas: | 0,20 puntos. |
| - Por cada curso con duración igual ou superior a 50 horas e inferior a 100 horas: | 0,50 puntos. |
| - Por cada curso con duración igual ou superior a 100 horas e inferior a 150 horas: | 0,75 puntos. |
| - Por cada curso con duración igual ou superior a 150 horas | 1,00 puntos. |

Os cursos acreditaranse mediante a presentación do correspondente certificado, diploma ou título de asistencia e/o aproveitamento á actividade formativa, no que deberá constar o organismo ou entidade que convocou e impartiu a actividade, denominación, datas de realización, contido e número de horas de duración.

Para os efectos do cómputo de cada un dos méritos alegados, tomarase como data límite, o último día do prazo de presentación de solicitudes de participación nos respectivos procesos selectivos.

Aplicarase a citada puntuación por unha soa titulación dunha mesma materia, e só pola máis alta alcanzada. A formación complementaria deberá acreditarse mediante copia autenticada dos diplomas ou certificados acreditativos de ter realizada a formación nos que conste o número de horas lectivas. Non se puntuarán as accións formativas que non acrediten as horas de duración, nin os que non conteñan data, nin as que formen parte de titulacións académicas non rematadas.

A formación complementaria cursada cunha antigüidade superior aos 15 anos dende a publicación das presentes bases non será tida en conta aos efectos de valoración de méritos.

FASE DE OPOSICIÓN (70% do proceso selectivo): de carácter obrigatorio e eliminatorio.

A fase de oposición será posterior a de concurso e consistirá na realización dos seguintes exercicios. A puntuación máxima que se poderá acadar nesta fase son 70 puntos (70% do proceso selectivo) e comprenderá a suma da puntuación obtida en cada exercicio, sendo necesario obter un mínimo de 35 puntos para superar a fase de oposición:

Primeiro exercicio: EXAME TIPO TEST (máximo 60 puntos)

Este exercicio terá carácter obrigatorio e consistirá na realización dun exercicio tipo test de 30 preguntas e 3 preguntas de reserva que tratarán sobre as actividades propias do posto a desempeñar e segundo o temario (xeral e específico) do Anexo I das presentes bases. As preguntas terán 4 respostas alternativas das cales só unha é correcta. O tempo de realización do mesmo será de 45 minutos, e cada pregunta correcta sumará 2 puntos, descontando cada resposta incorrecta 0,50 punto. As preguntas non contestadas (en branco) non sumarán nin restarán.

Segundo exercicio: Entrevista persoal (máximo 10 puntos):

Realizarase unha entrevista persoal e curricular co obxectivo de avaliar o interese da persoa candidata así como as súas aptitudes e capacidades.

PROBA DE GALEGO (apto / non apto):

En cumprimento do sinalado, as persoas aspirantes deberán realizar unha proba que consistirá na tradución dun texto de castelán a galego, elixido polo Tribunal. Para superar a proba é necesario obter o resultado de APTO, dispoñendo dun tempo máximo de 20 minutos para a súa realización.

O texto non poderá ter máis de 200 palabras, sendo considerados como NON APTOS aqueles que teñan 10 erros ou máis (tradución, gramática e acentuación).

Están exentos da realización de dita proba os/as aspirantes que presenten durante o prazo de solicitudes e acrediten posuír con data límite do prazo de emendas de instancias, o CELGA 4 ou equivalente.

DÉCIMA. CUALIFICACIÓNS

O Tribunal emitirá a correspondente acta co establecemento das puntuacións obtidas ao longo do proceso selectivo, sendo a cualificación definitiva o resultado da suma das mesmas; en caso de empate entre varios/as candidatos/as primará o que teña máis puntuación na fase de oposición e de persistir este quen acredite maior experiencia profesional. Se aínda persiste o empate decidírase por sorteo público.

DÉCIMO PRIMEIRA. FORMACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO

Unha vez concluída a fase de selección das persoas aspirantes, o Tribunal confeccionará unha lista pola orde resultante da puntuación obtida na selección, sendo a primeira a de maior puntuación e así sucesivamente. A devandita lista exporase no taboleiro de anuncios do Concello e na súa sede electrónica <https://concellodeboveda.sedelectronica.es>

DÉCIMO SEGUNDO. FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO

A bolsa de emprego segundo a orde de puntuación obtida para contratacións laborais temporais, funcionará de acordo coas seguintes normas:

A bolsa de emprego terá unha vixencia de 2 anos e os candidatos que pasen a formar parte da mesma non ostentarán dereito algún ao nomeamento/contratación.

En ningún caso se adquirirá fixeza a través das contratacións da bolsa de emprego.

1. Os chamamentos aos aspirantes

Os chamamentos faranse polo medio máis urxente que permita ter constancia da súa recepción. Nos supostos nos que a necesidade de cobertura dun posto non fose previsible coa antelación suficiente ou polas circunstancias concorrentes no proceso de chamamentos debidamente acreditadas, fose necesario a súa cobertura de xeito urxente para evitar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo público, o chamamento poderá realizarse telefonicamente. Neste suposto, o/a empregado/a público que o realice fará constar mediante dilixencia a súa realización, e se tivo ou non resposta; realizando tres chamadas telefónicas o/a candidato/a, cun intervalo de media hora entre cada chamada telefónica.

Se o/a candidato/a renuncia ao posto ofertado terá a obriga de remitir a súa renuncia por escrito; e remitiraa por correo, Fax ou presentala persoalmente no rexistro municipal; no prazo de 3 días hábiles. Nestes casos, procederase a chamar a seguinte persoa da lista.

2. Situación na Bolsa de Emprego

As persoas integrantes da bolsa de emprego non perderán a orde de prelación que en cada momento lles corresponda, de tal maneira que, se o contrato para o que son chamados finaliza, permanecerán no mesmo posto.

As persoas integrantes da bolsa de emprego que, sendo convocadas para facer efectiva a contratación non se presentasen ou renunciaren a esta sen xustificación suficiente, seralles de aplicación o disposto no apartado 4º “Renuncias”. A mesma consecuencia terá a renuncia á continuidade no desempeño dun posto de traballo.

3. Nomeamentos e Cesamentos

Poderán realizarse contratacións temporais para o desempeño de postos de traballo que se encontren vacantes ou, excepcionalmente, nomeamentos interinos para substitución de persoal con dereito a reserva do posto por motivo de ILT, baixa por maternidade, etc, e sexa imprescindible o nomeamento interino para a correcta prestación do servizo, o cal deberá quedar debidamente acreditado no expediente a través de informe dos servizos sociais comunitarios no que se poña de manifesto a excepcionalidade e necesidade urxente e inaprazable desta contratación para o adecuado funcionamento do servizo público de axuda no fogar.

Unha vez comparecera o/a candidato/a chamado segundo a orde da bolsa de emprego, a Alcaldía por Resolución procederá a súa contratación para o desempeño do posto de traballo correspondente. Previamente ao nomeamento deberá solicitarse informe de existencia de crédito á Intervención municipal.

No suposto de que un/unha mesmo/a candidato fora chamado para ocupar dous ou máis postos correspondentes á Bolsa de Emprego, deberá optar por un deles, deixando constancia por escrito.

O cesamento producirase polo transcurso do prazo ou causa da contratación prevista ou por Resolución da Alcaldía de conformidade co establecido na lexislación vixente.

4. Renuncias

Con carácter xeral a non aceptación ou renuncia ao chamamento que se produza para cubrir a praza que se convoca levará consigo as seguintes sancións:

— As tres primeiras renuncias sen presentación da xustificación correspondente, o aspirante situarase ao final da lista.

— A cuarta renuncia sen xustificación, suporá a baixa na bolsa de emprego por prazo de seis meses.

Quedan excluídos das sancións anteriores e polo tanto seguirán formando parte da bolsa de emprego aqueles/as persoas que non acepten ou renunciaren ao chamamento para cubrir a praza e se atopen nalgunha das seguintes situacións:

— Se atopen traballando nese momento ou estean en situación de activo.

— Que acrediten situación de baixa médica.

— Que concorran causas debidamente xustificadas de conciliación da vida familiar que impidan a incorporación ao posto de traballo.

— Que estean realizando cursos de formación relacionados co posto que se oferta.

— Calquera outra de similar natureza.

O/A candidato/a seleccionado/a, no prazo de tres días naturais desde a sinatura do contrato, deberá xustificar e presentar a seguinte documentación:

— Declaración de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que se opta e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas; no caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin estar sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

— Declaración responsable de estar en posesión do permiso de conducir en vigor e dispor dun coche para poder desprazarse dentro do termo municipal.

Quedará condicionada a validez e suspendida a eficacia do contrato ata que os aspirantes seleccionados presenten a requirida documentación no prazo indicado.

DÉCIMO TERCEIRA. EXTINCIÓN DA BOLSA DE EMPREGO

A bolsa de emprego formada como consecuencia do proceso selectivo que regula as presentes bases, extinguirase unha vez transcorridos dous anos, a contar dende a data de publicación no taboleiro de

anuncios do Concello e na súa sede electrónica da Resolución da Alcaldía que a aprobe, podendo ser obxecto de prorroga por causas debidamente xustificadas e motivadas.

No caso de que con motivo da escasa presentación de instancias, o número de integrantes da bolsa de emprego non sexa suficiente, poderá sacarse un novo proceso selectivo aínda que non teña transcorrido o prazo de dous anos de vixencia establecido nesta base.

DÉCIMO CUARTA. Incidencias

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polas persoas interesadas recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso-administrativo, que se poderá interpor no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa). Potestativamente, poderá interpoñerse recurso previo de reposición no prazo dun mes perante a Alcaldía do Concello de Bóveda (Lugo).

No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local; o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril; e o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro e no que non estea reservado á lexislación do Estado será de aplicación a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Bóveda, 4 de febreiro de 2026.- O alcalde-presidente, D. José Manuel Arias López.

ANEXO I

1. Parte xeral: Materias comúns.

Tema 1.- A Constitución Española de 1978: Título Preliminar, e Títulos I, II, III, IV, V, VI, VII, VIII, IX, X. Estrutura, Principios fundamentais, dereitos e deberes fundamentais dos españois.

Tema 2.- Estatuto de Autonomía de Galicia. Estrutura e contido. O Parlamento. A Xunta e o seu Presidente.

Tema 3.- Municipio. Poboación e termo municipal. Organización e competencias. Servizos municipais. Os bens, actividades e servizos das entidades locais.

Tema 4.- Disposicións xerais do procedemento administrativo común. Os interesados no procedemento. A actividade das Administracións Públicas. Os actos administrativos. Requisitos, eficacia, nulidade e anulabilidade. O procedemento administrativo común. Principios. Fases.

Tema 5.- A administración electrónica. Principais ferramentas de utilidade na Administración local.

2. Parte especial: Materias específicas.

Tema 1.- A psicoloxía evolutiva na educación infantil de 0 a 3 anos. Características xerais da infancia ata os 3 anos. Principais factores que interveñen no seu desenvolvemento. Etapas e momentos máis significativos.

Tema 2.- O desenvolvemento psicomotor, nos nenos e nas nenas ata os 3 anos. A psicomotricidade no currículo da educación infantil. Intervención educativa.

Tema 3.- O desenvolvemento cognitivo ata os 3 anos. O coñecemento da realidade. A observación e a exploración do mundo físico, natural e social.

Tema 4.- O desenvolvemento da linguaxe. Linguaxe e pensamento. Evolución da comprensión e da expresión. A comunicación non verbal. Problemas máis frecuentes da linguaxe infantil. A lexislación lingüística no ensino infantil: a Lei de normalización lingüística e o Plan xeral de normalización da lingua galega no referente ao ensino. O ensino e a aprendizaxe da lingua na educación infantil. Técnicas e recursos para a comprensión e a expresión oral.

Tema 5.- O desenvolvemento da personalidade. O desenvolvemento afectivo, emocional e das relacións sociais nos nenos e nas nenas de cero a tres anos. O neno descobre os outros nenos. Proceso de descubrimento de vinculación e aceptación. A escola como institución socializadora. A familia como primeiro axente de socialización. Coñecemento da diversidade familiar existente. Relación familia-escola e período de adaptación.

Tema 6.- Educación para a saúde. Hixiene, alimentación, descanso e actividade infantil, como elementos educativos. Prevención de accidentes, primeiros auxilios e enfermidades infantís.

Tema 7.- A educación para a igualdade como elemento transversal nas estratexias educativas. A Lei galega para a igualdade de homes e mulleres: implicacións no currículo da educación infantil.

Tema 8.- A educación afectivo-sexual na etapa infantil. Descubrimento e identificación co propio sexo. Estratexias educativas para evitar a discriminación de xénero.

Tema 9.- Principio de intervención educativa de educación infantil. O enfoque globalizador. Sentido e significado da aprendizaxe. Unha metodoloxía baseada na observación e na experimentación. A concreción no marco do proxecto curricular. Formación de capacidades relacionadas co desenvolvemento lóxico-matemático. Recursos didácticos e actividades adecuadas á etapa de educación infantil.

Tema 10.- A educación musical en educación infantil. O descubrimento do son e do silencio. Características e criterios de selección as actividades musicais. Os recursos didácticos. A tradición musical propia e doutras culturas.

Tema 11.- Evolución da expresión plástica nos nenos e nas nenas. Elementos básicos da linguaxe plástica. Obxectivos, contidos, materiais, actividades, estratexias metodolóxicas e de avaliación da expresión plástica.

Tema 12.- A función do mestre e a mestra en educación infantil. A intencionalidade educativa. Relacións interactivas entre o/a neno/a e o/a educador/a.

Tema 13.- A organización dos espazos e do tempo. Criterios para unha adecuada distribución e organización espacial e temporal. Ritmos e rutinas cotiás. A avaliación dos espazos e do tempo.

Tema 14.- A escola inclusiva e a atención á diversidade na educación dos nenos e nenas de 0-3 anos. As necesidades específicas de apoio educativo. A colaboración cos diferentes axentes implicados.

Tema 15.- A educación infantil no marco da LOMLOE. O Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

ANEXO II**MODELO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO DE CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE SUBSTITUCIÓN DO PERSOAL DE ATENCIÓN DO PAI NO CONCELLO DE BÓVEDA****DATOS PERSOAIS**

<u>Nome</u>	<u>Apelidos</u>		
<u>DNI</u>	<u>Data nacemento</u>	<u>Teléfono</u>	
<u>Domicilio</u>	<u>Localidade</u>	<u>Prov.</u>	<u>Código Postal</u>
<u>Correo electrónico</u>			

Ser admitido/a no proceso de selección convocado para constituir unha bolsa de emprego de persoal de atención no PAI do Concello de Bóveda.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Primeiro: *Que reúno todas e cada unha das condicións exixidas nas bases referidas, na data de expiración do prazo de presentación da instancia.*

Segundo: *Que declaro coñecer e acepta as bases xerais da convocatoria PARA CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE SUBSTITUCIÓN DO PERSOAL DE ATENCIÓN DO PAI NO CONCELLO DE BÓVEDA*

Terceiro: *No caso de discapacidade.*

Grao de discapacidade: _____

Necesita tempo e medios para a realización das probas: Si/Non

Cuarto: *Que desexo a realización de proba escrita en: ____ Galego ____ Castelán*

Quinto: *Que dou o meu consentimento para que a Administración actuante proceda ao tratamento dos datos de carácter persoal para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo, conforme a LOPD 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e o seu RGPD.*

Os datos pasarán a formar parte dun ficheiro xestionado polo Concello de Bóveda, con sede en Avenida Alfonso XIII, núm.85, 27340 Bóveda Lugo, onde poderán exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, se é o caso, o de oposición.

Sétimo: *Achego coa presente solicitude os seguintes documentos:*

- ☐ *Copia autenticada do DNI ou documento equivalente*
- ☐ *Copia autenticada da titulación requirida na cláusula cuarta das presentes bases.*
- ☐ *Copia autenticada do Certificado Celga 4*

- ☐ *Copia autenticada da documentación xustificativa dos méritos alegados, vida laboral e certificados de servizos prestados nas Administracións Públicas.*
- ☐ *Certificado médico de non padecer enfermidades infecto-contaxiosa, nin estar afectado por limitación física ou psíquica, que sexa incompatible co desempeño das funcións correspondentes.*
- ☐ *Carné de manipulador de alimentos.*
- ☐ *Título acreditado de primeiros auxilios.*
- ☐ *Declaración xurada ou promesa de non ser separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de funcións públicas por resolución xudicial para o acceso á escala, subescala, clase e categoría de funcionario/a en o que fose separado/a ou inhabilitado/a. Os/as nacionais doutros Estados deberán acreditar igualmente non acharse inhabilitados/as ou en situación equivalente nin ser sometidos/as a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso á función pública.*
- ☐ *Certificado de antecedentes penais por delitos de natureza sexual.*

SOLICITA:

Que se admita esta solicitude para as probas de selección de persoal referenciada e declaro baixo a miña responsabilidade ser certos os datos que se consignan.

En Bóveda, a _____ de _____ de _____

A persoa solicitante,

Asdo:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BÓVEDA

Bóveda, 4 de febreiro de 2026.- O alcalde-presidente, D. José Manuel Arias López.

R. 0278

CARBALLEDO

Anuncio

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de xaneiro de 2026 aprobouse o padrón fiscal do servizo de abastecemento, saneamento e depuración de augas do Concello de Carballedo correspondente ó cuarto trimestre do exercicio 2025.

O importe total do padrón ascende a vinte e un mil novecentos vinte euros e doce céntimos (**21.920,12€**), sendo o período voluntario de cobro **desde día 16 de febreiro de 2026 ao 16 de abril de 2026** ámbolos dous inclusive de conformidade co previsto nos arts.12 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e 62.3 da Lei xeral tributaria.

O resume do padrón é o seguinte:

CONCEPTO: Taxa polo abastecemento e saneamento de augas.

PERÍODO. 4º trimestre 2025

NÚMERO DE PÁXINAS: 41

NÚMERO DE RECIBOS: 637

PRIMEIRO SUXETO PASIVO: LÓPEZ NAVAL, HERMINIO

ULTIMO SUXEITO PASIVO: COUSO GONZÁLEZ, JOSÉ

IMPORTE TOTAL: Auga 17.465,10€; IVE: 1.746,51€; Canon Xunta Cota fixa: 1.305,96€; Canon Xunta Cota Variable: 1.402,55€. Total importe padrón: 21.920,12€.

Procédese á exposición pública de dito Padrón durante o prazo de quince días a partir da publicación do anuncio de cobro no Boletín Oficial da Provincia, prazo durante o cal dito padrón estará á disposición dos interesados no concello para que poidan examinalo e presentar cantas reclamacións estimen oportunas.

Contra o acto de aprobación do Padrón poderá interporse recurso de reposición ante o Alcalde-Presidente no prazo dun mes a contar dende o seguinte ó da finalización do período de exposición pública do Padrón, de conformidade ó previsto no art. 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Carballedo, 28 de xaneiro de 2026.- O alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 0279

CHANTADA

Anuncio

APROBACION INICIAL ORZAMENTO 2026

Aprobado inicialmente en sesión ordinaria do Pleno deste Concello de data 5 de febreiro de 2026 o Orzamento Xeral, bases de execución, subvencións nominativas, plantilla de persoal funcionario, laboral e temporal para o exercicio económico 2026, de acordo ao previsto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 de Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, expónse ao público o expediente e a documentación preceptiva por prazo de quince días hábiles desde o seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, aos efectos de reclamacións e alegacións.

De conformidade co acordo adoptado o Orzamento considerarase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non son presentadas reclamacións.

Chantada, 6 de febreiro de 2026.- O alcalde, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 0306

Anuncio

O pleno do Concello de Chantada, na sesión ordinaria do día 05/01/2026 acordou aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos 3/2026 baixo a modalidade de suplemento de crédito 01/2026 con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais , por importe de 279.979,91 €.

O expediente expónse ao público polo prazo de quince días , de acordo co artigo 169 do Texto Refundido 2/2004, do 5 de marzo, da Lei reguladora das facendas locais , na Secretaría deste Concello, a fin de que durante o mesmo , que empezará a contarse desde o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia , poderán presentar reclamacións e suxestións que se estimen oportunas, as que deberán ser dirixidas ó Sr. Alcalde-Presidente deste Concello.

Chantada, 6 de febreiro de 2026.- O alcalde, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 0307

O CORGO

Anuncio

Polo Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 30 de xaneiro de 2026, prestouse aprobación ao expediente de modificación do orzamento con número 1/2026, de créditos extraordinarios e suplementos de crédito, por un importe total de SESENTA E SETE MIL EUROS (67.000,00 €), primeiro de competencia do Pleno, así como á modificación da relación de postos de traballo do ano 2026.

Cumprindo o disposto no artigo 177.2 en relación co 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, así como do artigo 202.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, expónse ao público na Secretaría deste Concello, por un prazo de quince días hábiles, no caso da modificación do orzamento e de 20 días, no caso da relación de postos de traballo, co fin de que durante este prazo (que se contará a partir do seguinte ao da inserción do Edicto no Boletín Oficial da Provincia) poidan formularse as reclamacións que se consideren oportunas, que se deberán dirixir ao alcalde-presidente do Concello.

O Corgo, 2 de febreiro de 2026.- O alcalde-presidente, Felipe Labrada Reija.

R. 0280

GUITIRIZ

Anuncio

Aprobados por Decreto da Alcaldía os padróns do 4º trimestre do ano 2025 correspondentes a auga, lixo, canon e sumidoiros, por medio do presente faise público que durante o prazo 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, quedan de manifesto nas oficinas do Concello de Guitiriz, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados no caso de que non se produzan reclamacións contra o mesmo.

Contra o acordo de aprobación dos correspondentes padróns, poderán interpoñer con carácter preceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ó do remate da exposición pública dos correspondentes padróns.

A cobranza en período voluntario das taxas dos padróns de auga, lixo, canon e sumidoiros correspondentes ao cuarto trimestre do 2025, terá lugar dende o días **09/02/2026 ao 09/04/2026** (ambos incluídos).

O cobramento efectuarase nalgunha das seguintes modalidades:

- Mediante o sistema de domiciliación bancaria, segundo os datos facilitados polos suxeitos pasivos e que obren nesta Administración.
- Presencialmente en calquera oficina ou caixeiro de ABANCA co código xerado no recibo.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no citado artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, as débedas relativas á auga, lixo e sumidoiros faranse efectivas pola vía de constrinximento e serán esixibles os recargos do período executivo e xuros de demora que correspondan, tal como se estipula nos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e, se é o caso, os custos que se produzan.

Guitiriz, 30 de xaneiro de 2026.- A alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 0281

LÁNCARA

Anuncio

Rematado o prazo de presentación de solicitudes dos procesos selectivos convocados polo concello de Láncara, mediante anuncio inserido no BOE número 309, do 24 de decembro de 2025, a alcaldía aprobou as listas provisionais de persoas admitidas e excluídas dos seguintes procesos selectivos:

Alguacil porteiro (grupo AP-E)

Persoas aspirantes admitidas:

Nome e apelidos	DNI
Tania Fernández Sordo	34****93R
Carolina Vargas Bouzón	32****99C
María Vanesa Fernández López	33****60M
Óscar López Castro	33****38F
Laura María Rodríguez Gegunde	33****93Y
Irene Maroñas Caamaño	79****61X
María José Fernández Meilán	33****54C
Silvia Castro López	33****88K
María Hortensia Pérez Becerra	32****80S
Teresa López Vázquez	33****54C
José Antonio Vázquez Pérez	33****90H

Persoas aspirantes excluídas:

Auxiliar administrativo (grupo C-C2)

Persoas aspirantes admitidas:

Nome e apelidos	DNI
Tania Fernández Sordo	34****93R
Diego Pena Luaces	33****29W
Beatriz López Abella	33****62R
Patricia Dapena Jul	34****99A
Laura María López López	33****15B
Juan José Castedo Rey	33****24F
Martina Vila Serén	34****01T

Matilde López López	34****38D
Laura María Rodríguez Gegunde	33****93Y
Lorena Gómez López	76****41Q
Miguel Rodríguez Cabañas	33***23R
Lorena Rey López	33****23S
María José Fernández Meilán	33****54C
Silvia Castro López	33****88K
María Abella García	32****11V
Teresa López Vázquez	33****54C
Silvia Castro Blanco	53****40W

Persoas aspirantes excluídas:

Nome e apelidos	DNI	Motivo	Enmenda
María Teresa López Hospido	34****16T	(1)	SI
Cristina López Moscoso	76****42N	(2)	SI
Iría María Pérez Mouriz	33****35K	(3)	SI
Tatiana Vázquez Merodio	34****65M	(4)	NON

- 1) Solicitud sen asinar
- 2) Ingreso de importe parcial da taxa de participación no proceso de selección
- 3) Modelo de solicitud incompleto
- 4) Solicitud fora de prazo

Contra as resolucións que aproban as listas provisionais, as persoas aspirantes disporán dun prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da listaxe provisional no BOP, para subsanar a documentación.

Láncara, 4 de febreiro de 2026.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 0282

LOURENZÁ*Anuncio***NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIÓDICO****Padrón fiscal do Servizo de AXUDA NO FOGAR do mes de Decembro de 2025.****EDICTO**

Por Resolución de Alcaldía de data o día 28 de xaneiro de 2026, prestouse aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente o mes de Decembro de 2025 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de tres mil trescentos trinta e nove euros con trinta e cinco céntimos de euro (3.339,35€) , tres mil sesenta e un euros con trinta e tres céntimos de euro(3.061,33€) correspondente a dependencia , e douscentos setenta e oito euros con dous céntimos de euros (278,02€) son de libre concorrência.

De conformidade co establecido no artº 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notifícase colectivamente a liquidación do prezo público polo servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de decembro de 2025.

O expediente poderá ser consultado polos interesados nas dependencias do servizo sociais do Concello de Lourenzá, durante o prazo de 15 días a contar dende a publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Contra as liquidacións provisionais anteriores, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o de finalización do prazo de exposición, ou calquera outro que se considere procedente. Todo iso, en virtude do establecido no artº 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co establecido nos artº 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recaudación, aprobado por R.D. 939/2002, do 29 de xullo comunícase como PRAZO, LUGAR E FORMA DE PAGO:

O prazo de cobro, en período voluntario será da primeira quincena do mes seguinte.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles debidos na entidade bancaria que a persoa usuaria estableceu para o seu efecto .

Infórmase de que as débedas derivadas da falta de pago do prezo público serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria polo procedemento administrativo de constrinximento.

Lourenzá, 28 de xaneiro de 2026.- A alcaldesa, D.^a Rocío López García.

R. 0283

AS NOGAIS

Anuncio

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA. AUTORIZACIÓN DE AMPLIACIÓN DE HORARIO DE PECHÉ DOS NEGOCIOS HOSTELEIROS DURANTE AS FESTIVIDADES DO 2026.

Por Resolución de Alcaldía, de data 3 de febreiro de 2026, aprobouse a solicitude de autorización de ampliación de horario de peche dos negocios hosteleiros durante as festividades do 2026. Expediente 57/2026.

Visto que tivo entrada neste Concello, o día 21/01/2026, número 2026-E-RC-41, escrito de D. José Francisco Real Castro, con DNI ***2806**, en nome e representación acreditada da Asociación Provincial de Empresarios de Hostalaría e Turismo de Lugo mediante o cal solicita autorización para ampliar o horario de peche dos establecementos de hostalería deste Concello, en dúas horas máis do legalmente establecido, nas seguintes datas:

- **ENTROIDO:** Todas as noites desde a noite do 12 ao 13 de febreiro (xoves de entroido) ata a noite do 17 ao 18 de febreiro (incluída).
- **PONTE DE SAN XOSÉ:** todas as noites desde a noite do 18 ao 19 de marzo ata a noite do 21 ao 22 de marzo.
- **SEMANA SANTA:** Todas as noites desde a noite do 28 ao 29 de marzo ata a noite do 4 ao 5 de abril (incluída).
- **FESTA DO TRABALLO:** Todas as noites desde a noite do 30 de abril al 1 de maio ata a noite do 2 ao 3 de maio.
- **SAN XOÁN:** A noite do 23 ao 24 de xuño.
- **FESTIVIDADE SANTIAGO APÓSTOLO:** As noites do 24 ao 25 de xullo e a noite do 25 ao 26 de xullo.
- **FESTIVIDADE DA ASUNCIÓN:** As noites do 14 ao 15 de agosto e a noite do 15 ao 16 de agosto.
- **DÍA DA HISPANIDADE:** a noite do 10 ao 11 de outubro e a noite do 11 ao 12 de outubro.
- **TODOS OS SANTOS:** As noites do 30 ao 31 de outubro e a noite do 31 de outubro ao 1 de novembro.
- **PONTE DA CONSTITUCION:** Todas as noites desde a noite do 4 oa 5 de decembro ata a noite do 7 ao 8 de decembro (incluída).
- **FESTAS DE NADAL:** Todas as noites desde a noite do 22 ao 23 de decembro de 2026 ata a noite do 5 ao 6 de xaneiro de 2027 (incluída).

Visto, que a maior abastanza, e en relación coa solicitude cursada, está programada a celebración da XIX Feira da Empanada durante os días 30 e 31 de maio, así como as Festas Patronais de As Nogais durante os días 31 de xullo e 1 e 2 de agosto, deste mesmo ano.

Considerando o carácter excepcional destas datas, e tendo en conta que durante as mesmas, desfrutarase de máis tempo na rúa, ocasionando un ambiente popular e festivo, o que tamén podería repercutir en beneficio do comercio local.

Visto o artigo 9 da Orde de Outubro de 2020 da Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo:

“1. Ao abeiro do disposto no artigo 5.f) da Lei 10/2017, do 27 de decembro, os concellos poderán ampliar para todo o seu termo municipal ou para zonas concretas deste os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, así como de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, durante a celebración das festas e verbenas

populares, do Entroido, da Semana Santa e do Nadal, facendo compatible, en todo caso, o seu desenvolvemento coa aplicación das normas vixentes en materia de contaminación acústica.

2. Os concellos, mediante acordo do órgano competente, establecerán o número máximo de días naturais ao ano en que poderán ampliar os horarios de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

3. Para os efectos desta orde, entenderase por Entroido o período comprendido entre o Xoves de Entroido e o Mércores de Cinza, ambos incluídos, por Semana Santa o período comprendido entre o Domingo de Ramos e o Domingo de Resurrección, ambos incluídos, e por Nadal o período comprendido entre o 22 de decembro e o 6 de xaneiro, ambos incluídos.

4. *En todos os supostos anteriores, as ampliacións de horario non poderán superar, en ningún caso, en 2 horas os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.*

5. *Os concellos tamén poderán ampliar o horario xeral de determinados espectáculos públicos musicais de características específicas ou excepcionais ata un máximo de 2 horas.”*

Vista a proposta de resolución PR/2026/22, de 3 de febreiro de 2026./Vista la propuesta de resolución PR/2026/22, de 3 de febrero de 2026.

A competencia para resolver encóntrase reflectida no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o artigo 41 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, entre outros preceptos concordantes, e sen perxuízo do disposto na lexislación sectorial de aplicación; RESOLUCIÓN:

Primeiro.- Autorizar a ampliación horaria de dúas horas sobre o horario límite de peche dos establecementos de hostalaría, dentro do ámbito de poboación deste municipio, nas festividades seguintes e con produción de efectos dende a data da presente resolución:

- **ENTROIDO:** Todas as noites desde a noite do 12 ao 13 de febreiro (xoves de entroido) ata a noite do 17 ao 18 de febreiro (incluída).
- **PONTE DE SAN XOSÉ:** todas as noites desde a noite do 18 ao 19 de marzo ata a noite do 21 ao 22 de marzo.
- **SEMANA SANTA:** Todas as noites desde a noite do 28 ao 29 de marzo ata a noite do 4 ao 5 de abril (incluída).
- **FESTA DO TRABALLO:** Todas as noites desde a noite do 30 de abril al 1 de maio ata a noite do 2 ao 3 de maio.
- **XIX FEIRA DA EMPANADA:** as noites do 30 e 31 de maio.
- **SAN XOÁN:** A noite do 23 ao 24 de xuño.
- **FESTIVIDADE SANTIAGO APÓSTOLO:** As noites do 24 ao 25 de xullo e a noite do 25 ao 26 de xullo.
- **FESTAS PATRONAIS DE AS NOGAIS:** Da noite do 31 de xullo ao 1 e 2 de agosto.
- **FESTIVIDADE DA ASUNCIÓN:** As noites do 14 ao 15 de agosto e a noite do 15 ao 16 de agosto.
- **DÍA DA HISPANIDADE:** a noite do 10 ao 11 de outubro e a noite do 11 ao 12 de outubro.
- **TODOS OS SANTOS:** As noites do 30 ao 31 de outubro e a noite do 31 de outubro ao 1 de novembro.
- **PONTE DA CONSTITUCION:** Todas as noites desde a noite do 4 oa 5 de decembro ata a noite do 7 ao 8 de decembro (incluída).
- **FESTAS DE NADAL:** Todas as noites desde a noite do 22 ao 23 de decembro de 2026 ata a noite do 5 ao 6 de xaneiro de 2027 (incluída)

Segundo.- Dar traslado da presente á Asociación Provincial de Empresarios de Hostalaría e Turismo de Lugo, así como á Comandancia da Garda Civil de Becerreá para o seu coñecemento.

Terceiro.- Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, aos efectos do artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común, así como no taboleiro de anuncios do Concello de As Nogais (<https://concelloasnogais.sedelectronica.gal>)”.

As Nogais, 3 de febreiro de 2026.- O alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 0284

OUROL

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

A Xunta de Goberno Local do Concello de Oural en sesión ordinaria celebrada o día 27 de xaneiro de 2026, acordou aprobar o **Padrón Fiscal do SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR correspondente ao mes de DECEMBRO de 2025 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar** polo importe de tres mil catrocentos cincuenta e dous euros con noventa e tres céntimos (3.452,93 €), correspondendo mil trescentos noventa e nove euros con sesenta e catro céntimos (1.399,64 €) a libre concorrência e dous mil cincuenta e tres euros con vinte e nove céntimos (2.053,29 €) a dependencia.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de **15 días**, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade con artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo **dun mes**, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobramento do mesmo, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas. Para os demais contribuíntes os recibos poranse á súa disposición nas oficinas municipais para efectuar o pago.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Oural, 28 de xaneiro de 2026.- O alcalde – presidente, José Luis Pajón Camba.

R. 0285

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o 27 de xaneiro de 2026, prestou aprobación ao **Padrón municipal da TAXA de recollida de LIXO correspondente ao 4º TRIMESTRE de 2025.**

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o 27 de xaneiro de 2026, prestou aprobación ao **Padrón municipal da TAXA da AUGA correspondente ao 4º TRIMESTRE de 2025.**

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de **15 días hábiles**, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o órgano que o aprobou, no prazo **dun mes**, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo **dun mes** dende que se entenda producida a notificación.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto nos artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, **fixase como prazo de ingreso en período voluntario** dous meses, a contar **dende o 3 de MARZO de 2026 ata o 4 de MAIO de 2026, ambos inclusive**.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas. Para os demais contribuíntes os recibos poranse á súa disposición nas oficinas municipais para efectuar o pago.

A falta de pago do canon da auga da Xunta de Galicia no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento xeral de recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremo, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, xeral tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos Padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Ourol, 28 de xaneiro de 2026.- O alcalde – presidente, José Luis Pajón Camba.

R. 0286

TABOADA

Anuncio

EXPOSICIÓN PÚBLICA DO ORZAMENTO MUNICIPAL 2026

Aprobado inicialmente en sesión extraordinaria de Pleno deste Concello, de data 6 de febreiro de 2026, o Orzamento Xeral, Bases de Execución, e o cadro de persoal funcionario e laboral para o exercicio económico 2026, de acordo ao previsto no artigo 169 do Texto Refundido da lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, exponse ao público o expediente e a documentación preceptiva por prazo de quince días desde a publicación deste anuncio, aos efectos de reclamacións e alegacións.

De conformidade co acordo adoptado o Orzamento considerárase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non son presentadas reclamacións.

Taboada, 6 de febreiro de 2026.- O alcalde, Roi Rigueira Agromartín.

R. 0308

*Anuncio***APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE TABOADA**

Por acordo do Pleno municipal de data 6 de febreiro de 2026 aprobouse inicialmente a modificación puntual da Relación de Postos de Traballo do Concello de Taboada.

Conforme determina o artigo 169 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido de la Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese o expediente a información pública por prazo de 20 días, a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, durante o cal os interesados poderán presentar as alegacións que estimen oportunas.

A relación se considerará definitivamente aprobada si durante o citado prazo non se presentaran reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas

Taboada, 6 de febreiro de 2026.- O alcalde, Roi Rigueira Agromartín.

R. 0309

O VALADOURO*Anuncio*

Visto que tivo entrada neste Concello, o día 29 de xaneiro de 2026, con número de rexistro de entrada 2026-E-RC-244, escrito de D. José Francisco Real Castro, con DNI ***2806**, en nome e representación da Asociación Provincial de Empresarios de Hostalería e Turismo de Lugo mediante o cal solicita autorización para ampliar o horario de peche dos establecementos de hostalería asociados á APEHL deste Concello, en dúas horas máis do legalmente establecido, nas seguintes datas:

- **ENTROIDO:** todas as noites desde a noite do 12 ao 13 de febreiro (xoves de entroido) ata a noite do 17 ao 18 de febreiro (incluída).
- **PONTE SAN XOSÉ:** todas as noites desde a noite do 18 ao 19 de marzo ata a noite do 21 ao 22 de marzo.
- **SEMANA SANTA:** todas as noites desde a noite do 28 ao 29 de marzo ata a noite do 4 ao 5 de abril (incluída).
- **FESTA DO TRABALLO:** todas as noites desde a noite do 30 de abril al 1 de maio ata a noite do 2 ao 3 de maio.
- **SAN XOÁN:** a noite do 23 ao 24 de xuño.
- **FESTIVIDADE SANTIAGO APÓSTOLO:** as noites do 24 ao 25 de xullo e a noite do 25 ao 26 de xullo.
- **FESTIVIDADE DA ASUNCIÓN:** as noites do 14 ao 15 de agosto e a noite do 15 ao 16 de agosto.
- **DÍA DA HISPANIDADE:** a noite do 10 ao 11 de outubro e a noite do 11 ao 12 de outubro.
- **TODOS OS SANTOS:** as noites do 30 ao 31 de outubro e a noite do 31 de outubro ao 1 de novembro.
- **PONTE DA CONSTITUCIÓN:** todas as noites desde a noite do 4 ao 5 de decembro ata a noite do 7 ao 8 de decembro (incluída).
- **FESTAS DE NADAL:** todas as noites desde a noite do 22 ao 23 de decembro de 2026 ata a noite do 5 ao 6 de xaneiro de 2027 (incluída).

Considerando o carácter excepcional destas datas, e tendo en conta que durante as mesmas, desfrutarase de máis tempo na rúa, ocasionando un ambiente popular e festivo, o que tamén podería repercutir en beneficio do comercio local.

Visto o artigo 9 da Orde de Outubro de 2020 da Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo que di:

“1. Ao abeiro do disposto no artigo 5.f) da Lei 10/2017, do 27 de decembro, os concellos poderán ampliar para todo o seu temo municipal ou para zonas concretas deste os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, durante a celebración das festas e verbenas populares, do Entroido, da Semana Santa e do Nadal, facendo compatible, en todo caso, o seu desenvolvemento coa aplicación das normas vixentes en materia de contaminación acústica.

2. Os concellos, mediante acordo do órgano competente, establecerán o número máximo de días naturais ao ano en que poderán ampliar os horarios de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

3. Para os efectos desta orde, entenderase por Entroido o período comprendido entre o Xoves de Entroido e o Mércores de Cinza, ambos incluídos, por Semana Santa o período comprendido entre o Domingo de Ramos e o Domingo de Resurrección, ambos incluídos, e por Nadal o período comprendido entre o 22 de decembro e o 6 de xaneiro, ambos incluídos.

4. En todos os supostos anteriores, as ampliación de horario non poderán superar, en ningún caso, en 2 horas os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

5. Os concellos tamén poderán ampliar o horario xeral de determinados espectáculos públicos musicais de características específicas ou excepcionais ata un máximo de 2 horas.”

A competencia para resolver encóntrase reflectida no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o artigo 41 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, entre outros preceptos concordantes, e sen prexuízo do disposto na lexislación sectorial de aplicación;

Por todo o exposto, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: A ampliación horaria de dúas horas sobre o horario límite de peche dos establecementos de hostalería, dentro do ámbito de poboación deste municipio, nas festividades seguintes e con produción de efectos desde a data da presente resolución:

- **ENTROIDO:** todas as noites desde a noite do 12 ao 13 de febreiro (xoves de entroido) ata a noite do 17 ao 18 de febreiro (incluída).
- **PONTE SAN XOSÉ:** todas as noites desde a noite do 18 ao 19 de marzo ata a noite do 21 ao 22 de marzo.
- **SEMANA SANTA:** todas as noites desde a noite do 28 ao 29 de marzo ata a noite do 4 ao 5 de abril (incluída).
- **FESTA DO TRABALLO:** todas as noites desde a noite do 30 de abril al 1 de maio ata a noite do 2 ao 3 de maio.
- **SAN XOÁN:** a noite do 23 ao 24 de xuño.
- **FESTIVIDADE SANTIAGO APÓSTOLO:** as noites do 24 ao 25 de xullo e a noite do 25 ao 26 de xullo.
- **FESTIVIDADE DA ASUNCIÓN:** as noites do 14 ao 15 de agosto e a noite do 15 ao 16 de agosto.
- **DÍA DA HISPANIDADE:** a noite do 10 ao 11 de outubro e a noite do 11 ao 12 de outubro.
- **TODOS OS SANTOS:** as noites do 30 ao 31 de outubro e a noite do 31 de outubro ao 1 de novembro.
- **PONTE DA CONSTITUCIÓN:** todas as noites desde a noite do 4 ao 5 de decembro ata a noite do 7 ao 8 de decembro (incluída).
- **FESTAS DE NADAL:** todas as noites desde a noite do 22 ao 23 de decembro de 2026 ata a noite do 5 ao 6 de xaneiro de 2027 (incluída).

SEGUNDO: Dar traslado da presente á Asociación Provincial de Empresarios de Hostalería e Turismo de Lugo, así como á Garda Civil de O Valadouro, para o seu coñecemento.

TERCEIRO: Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, aos efectos do artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común, así como no taboleiro de anuncios do Concello de O Valadouro.

O Valadouro, 30 de xaneiro de 2026.- O alcalde-presidente, José Manuel Lamela Piñeiro.

R. 0287

XOVE

Anuncio

Por Decretos de Alcaldía nº 2026-0118 e 2026-0117 de data 29 de xaneiro de 2026, aprobáronse inicialmente os Padróns do Prezo Público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar nas modalidades de Libre Concorrenza e Dependencia, respectivamente, correspondentes ao mes de decembro de 2025.

Por medio do presente ponse no coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago, que dispoñen de un prazo de vinte días, contados a partires da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto do seu exame e presentación das reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se tivese formulado ningunha reclamación contra os mesmos.

Contra o mesmo poderase interpoñer o recurso de reposición no prazo de un mes dende a publicación o presente anuncio.

PERÍODO DE COBRO

De conformidade co disposto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre os días 05 de febreiro de 2026 ata 06 de abril de 2026; o ingreso efectuarase mediante domiciliación bancaria tal e como se establece no artigo 7 do vixente Acordo Regulador.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo, esixíndose as débedas polo procedemento de constrinximento, reportando o recargo de constrinximento, xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

O presente anuncio, en ámbolos dous supostos de anuncio de exposición ao público do Padrón e período de cobro en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro.

Xove, 29 de xaneiro de 2026.- O alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 0288